



Convenio asinado co Concello

Convenio asinado polo Concello

CONVENIO PARA A CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS 2024

Vilagarcía de Arousa

REUNIDOS:

Dunha parte, Don Alberto Varela Paz, Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, actuando no seu nome e representación, e

Doutra, Dona María Isla Avión, con DNI 35544300P, en representación da Entidade Solidariedade Galega co Pobo Saharai (SOGAPS) con N.I.F. G15924558, domiciliada en Rúa Alcalde Gregorio Espino, 57, Baixo, código postal 36205 de Vigo, Pontevedra.

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

EXPOÑEN:

Primeiro: NORMATIVA DE APLICACIÓN: Existe por un lado a lexislación autonómica, “Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia” e o “Decreto 11/ 2009 de 9 de xaneiro, Regulamento da Lei 9/2007”. Por outro lado aplicase a lexislación estatal nos seus preceptos básicos: “Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións” e o “Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, Regulamento da Lei 38/2003” .

Segundo: NORMATIVA ESPECIFICA: A Lei 13/ 2008 de servizos sociais de Galicia establece no seu artigo 4 entre os principios do Servizos sociais xerais a solidariedade e a participación, a través do fomento da mesma, consolidación de formas organizadas e estable de solidariedade e participación de entidades do terceiro sector.



Terceiro: No seu Artigo 31º, de fomento da iniciativa social, a lei 13/2008, indica “o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, á calidade e ao carácter innovador das prestacións e servizos ofertados, á eficiencia no emprego dos fondos públicos e á súa adecuación aos obxectivos fixados pola planificación autonómica (...)”. Establece ademais a posibilidade de subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Cuarto: A subvención que se tramita figura como nominativa no orzamento vixente por estar vinculada con actividades de interese público, social e humanitario, que se desenvolven de maneira permanente; tratándose de subvencións que polas súas características especiais non poden ser obxecto de convocatoria pública.

Quinto: Quedará acreditado o interese público, social, económico ou humanitario da subvención a través da memoria explicativa das actividades da entidade dentro do termo municipal.

Sexto: O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e o artigo 10.2 da Lei 9/2017 de Subvencións de Galicia, que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando o corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Vilagarcía de Arousa.

CLAUSULAS:

Cláusula I- OBXECTO DA SUBVENCIÓN: A presente subvención ten por obxectivo a consolidación e fomento de actuacións solidarias por parte de entidades de iniciativa social,



sendo de interese público, social e/ou humanitario destinada a fomentar a cooperación internacional, a solidariedade e inclusión intercultural por razóns humanitarias.

Cláusula II- DEVENGO: A actividade a subvencionar é o desenvolvemento do programa “Vacacións en Paz” durante o ano 2024 (gasto elixible dende o 16 de outubro de 2023 ata o 15 de outubro de 2024), concedéndose a cantidade de 1.500,00 euros con cargo a partida 231-48002 e 1.500,00 euros con cargo a partida 320-48002.

Cláusula III- A subvención figura nominativamente nos orzamentos polo que se considera adxudicada dende o mesmo momento da aprobación dos orzamentos e unha vez cumprido o trámite de asinar o presente convenio. O órgano competente para a tramitación do gasto é o Alcalde-Presidente ou órgano en quen delegue.

Cláusula IV- O Beneficiario comprométese a destina-la devandita subvención para realiza-la actividade fixada, cumprindo o obxectivo contemplado na cláusula I.

Cláusula V- TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA MEDIANTE PLATAFORMA DE SUBVENCIONS E REXISTRO ELECTRÓNICO NA SEDE DO CONCELLO: A confección de toda a documentación realizarase a través da **Plataforma de Xestión de Subvencións**, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición os **Balances, a Conta Xustificativa e anexos dos modelos normalizados** e, na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, **xerará uns PDFs finais en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal da Entidade Beneficiaria e, rexistrarse na Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.**

Cláusula VI- INICIO PROCEDIMIENTO: Para o inicio do procedemento de concesión da subvención e preceptivo que o Beneficiario presente no Rexistro electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) unha copia asinada electronicamente do presente convenio xunto co orzamento de gastos e ingresos para o ano 2024 (modelo anexo I) que estarán á súa disposición na Plataforma de Xestión de Subvencións, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es>, dende o momento da súa notificación polo servizo xestor correspondente. Ditos documentos deberán presentarse na sede municipal no prazo máximo **de 15 días a contar dende a**



recepción do modelo do convenio . No caso de non presentarse o convenio asinado e co Balance no prazo de 15 días dende o envío por parte do departamento municipal correspondente, entenderase que renuncia a sinatura do mesmo, e polo tanto renuncia a subvención nominativa.

Cláusula VII- PAGO: O pagamento íntegro da subvención será efectiva unha vez realizada a actividade subvencionada, previa presentación da documentación xustificativa da mesma na sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal), segundo a Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (VER DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NA CLÁUSULA IX E NORMAS DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN NA CLÁUSULA X)

Cláusula VIII- PRAZO XUSTIFICACIÓN: A xustificación deberá presentarse o antes posible no Concello sempre e cando contén con documentación suficiente para xustificar a cantidade concedida (gasto elixible do 16 de outubro de 2023 ao 15 de outubro de 2024). Non obstante a **data límite para a presentación da documentación xustificativa é o 31 de outubro de 2024.**

Cláusula IX- DOCUMENTACIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN: A entidade, a través de instancia dirixida ao Departamento correspondente do Concello (modelos anexos), deberá presentar no Rexistro Electrónico do Concello (sede.vilagarcia.gal) a seguinte documentación xustificativa:

1. Memoria técnica do desenvolvemento das actividades da entidade a data da presentación da xustificación, asinada polo representante legal da entidade, cos seguintes puntos básicos:
 - Introducción/ Xustificación
 - Obxectivos
 - Programación: actividades/servizos desenvolvidos
 - Persoas destinatarias/beneficiarias
 - Temporalización
 - Recursos utilizados (humanos e materiais)
 - Avaliación e conclusións



2. Anexo II- Conta Xustificativa (ou tamén chamada memoria económica xustificativa) do custo, asinada polo representante legal da entidade, que conterá:

- Importe dos gastos realizados e recollidos no Anexo III que deberá ser suficiente para xustificar a subvención nominativa do Concello.
- Relación detalladas dos ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo todas as subvencións públicas concedidas) con indicación do seu importe e procedencia.
- Declaracións segundo os puntos b) ata f) da conta xustificativa.

3. Anexo III- relación de facturas/gastos para xustificar a subvención concedida polo Concello (deberase cubrir todas as columnas do anexo).

4. Facturas orixinais cos requisitos establecidos no R.D. 1619/2012, xustificativas do gasto subvencionado dende o 16 de outubro de 2023 ata o 15 de outubro de 2024 (ou segundo o período de devengo establecido).

a) Como mínimo conterán:

- nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
- Denominación social, nif e domicilio de quen expide a factura e do destinatario
- Descrición detallada (concepto, servizo..) e data de realización da operación.
- Importe, desglose do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Este desglose recollerase nos anexos III e IV.
- Recargos, descontos e retencións aplicables.

b) Ademais nas facturas, deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:

- Deberase utilizar con carácter xeral e preferentemente os medios de pago electrónicos (transferencia bancaria, tarxetas, talóns nominativos...etc)
- Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá aportarse extracto bancario coa dilixencia da entidade bancaria que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.
- As operacións cun importe superior aos 1.000 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto no artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro,



modificado pola Lei 11/2021, de 9 de xullo, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente.

- No caso do que o pago non poida facerse por medios electrónicos, deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
 1. “pagado” ou “recibín”,
 2. data do pago
 3. firma e identificación da mesma (dni ou nome completo de que asina)
 4. Selo da empresa.

- 5. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique e se explique a porcentaxe aplicable á actividade.

- 6. Anexo IV- Relación de facturas/gastos para xustificar subvencións doutras Administracións Públicas, seguindo as seguintes instrucións:
 - A xustificación doutras subvencións públicas realizarase a través da presentación do Anexo IV, presentando un anexo por cada organismo público do que se teña concedida axuda/subvención.
 - De non ter presentada a documentación xustificativa noutros organismos públicos, aportarase igualmente o citado Anexo IV coa relación de facturas afectadas ás citadas subvencións (cumprindo o establecidos nos puntos 4, 5 e 6) ou indicación de que a actividade non está realizada.

- 7. Anexo V- Balance de Ingresos e gastos reais ou realizados. No caso de poderse presentar o balance antes da conclusión da actividade deberá presentarse Avance do Balance de ingresos e gastos realizados ata o momento de presentación da xustificación .

- 8. Anexo VI-Declaración responsable ou Certificados de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social). Os certificados deberán ter unha validez suficiente para a tramitación do expediente.



Segundo o artigo 11. h) e i) do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro (Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia), unha Declaración Responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social substituirá aos certificados sinalados anteriormente nas subvencións para gastos correntes (capítulo IV) e naquelas subvencións para gastos de capital (capítulo VII) nas que a cantidade a outorgar a cada beneficiario non supera os 3.000 €, sempre que os destinatarios das subvencións sexan familias ou institucións sen fins de lucro. Neste caso presentárase o anexo VI.

9. Certificación bancaria do número de conta.
10. Fotocopia DNI do/da representante da Entidade.
11. Fotocopia do NIF da entidade.
12. Certificación expedida polo secretario/a da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade ou documento de nomeamento da mesma.
13. Unha vez finalizado o exercicio 2024 a documentación económica correspondente á totalidade da actividade deberá estar a disposición dos órganos do Concello que precisen realizar labores de comprobación e/ou fiscalización.

Cláusula X- Forma de Presentación da documentación no rexistro electrónico do Concello

A confección de toda a documentación realizarase a través da **Plataforma de Xestión de Subvencións**, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición **os Balances, a Conta Xustificativa e anexos dos modelos normalizados** e, na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, **xerará uns PDFs finais en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal da Entidade Beneficiaria e, rexistrarse na Sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa.**



Tendo en conta que o rexistro electrónico do Concello non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

- un pdf que conteña un índice de toda a documentación presentada
- Un pdf por cada anexo.
- Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que corresponda.
- Un pdf coa documentación que se esixe nos puntos 10 a 13 da cláusula IX do presente convenio e no mesmo orden en que piden.
- Un pdf coa listaxe de facturas (Anexo III)
- Un pdf coas facturas e xustificantes de pago do Anexo III coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo III e sempre primeiro a factura e seguidamente o seu correspondente xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).
- Un pdf coa listaxe de facturas entregadas ou a entregar noutras Administracións públicas (Anexo IV) e nos casos que proceda deberá vir acompañado coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).
- Calquera outro documento que se queira agregar deberá vir de xeito independente. (PE: informe xustificativo de imputación de gastos de nóminas...etc.)

Toda a documentación deberá vir asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

Os distintos arquivos deberan ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de



registros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 registros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para emendar.

Cláusula XI- O beneficiario queda obrigado a reflectir, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia da colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables do Área de Comunicación.

Cláusula XII- A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia.

Cláusula XIII- O beneficiario poderá ser requirido polos distintos departamentos do Concello para a presentación de calquera outra documentación que sexa necesaria.

Cláusula XIV- CAUSAS DE REINTEGRO: Procederá o reintegro da subvención sempre que se dean calquera das circunstancias que se establecen nos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia ou nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

Cláusula XV- Unha vez aprobada a concesión da subvención, darase publicidade á axuda concedida no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa (sede.vilagarcia.gal) así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, dacordo coa Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cláusula ADICIONAL INFORMATIVA: (optativa segundo o tipo de subvención):

1. Consideranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade e se realicen dentro do exercicio 2024 e segundo o disposto no art. 29 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.
2. Deberá xustificarse o 100% do importe subvencionado para a percepción íntegra da subvención, unha menor xustificación dará lugar a un recoñecemento proporcional da axuda comprometida.



Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervinientes afirmanse e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data da sinatura.